

Resolución do Tribunal designado pola Resolución do 2 de decembro de 2024, (DOG núm. 238 do 11 de decembro de 2024), que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector (códigos de procedemento PR461F e PR461J), convocado mediante a Orde do 19 de setembro de 2024 (DOG núm. 188, do 30 de setembro)

En sesión que tivo lugar o 29.01.2025, este Tribunal, vistas e contestadas as alegacións presentada en relación as cualificacións provisionais do primeiro exercicio (test),

ACORDOU:

Primeiro. Aprobar como Anexo I, a listaxe de persoas aspirante que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións definitivas obtidas no mesmo.

Segundo. Convocar para o 04.01.2025 a segunda proba da fase de oposición (resolución dun caso práctico), en chamamento único que comezará ás 16:00 h na aula @ sita no andar 0 do aulario da Agasp. O tempo máximo para a realización desta proba é dunha hora. Seguidamente ao seu remate, as persoas aspirantes lerán o caso práctico ante o tribunal, na mesma aula.



Terceiro. Publicar xunto con esta resolucións os seguintes anexos:

Anexo I Listaxe de persoas aspirantes que realizaron o primeiro exercicio coas cualificacións definitivas obtidas no mesmo.

Anexo II Listaxe de persoas convocadas a segunda proba do proceso (resolución dun caso práctico).

Anexo III Criterios de corrección na resolución do caso práctico.

Cuarto. Remitir ao servizo de selección, coordinación e planificación da Agasp esta resolución xunto cos anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

Segundo o punto 5.10 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso de alzada ante o Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública no prazo dun mes desde a publicación desta resolución na páxina web da Academia Galega de Seguridade Pública (agasp.xunta.gal), nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal

María del Carmen Rebolledo Olmedo

